

REGULAMENTO LIGA GALEGA XUVENIL Masculina e Feminina TEMPADA 2020-2021

APROBACIÓN: ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 08-02-2020.

REGULAMENTO

LIGA XUVENIL: Masculina e Feminina

TEMPADA 2020-2021

1. PARTICIPACIÓN

A LIGA XUVENIL 2020-2021 son competicións abertas a todos os clubs de Galicia afiliados a mesma.

Todos os padexeiros e clubs galegos, para poder participar nesta Liga deberán de estar en posesión da licenza federativa actualizada para a tempada 2020-2021.

Os clubs que desexen participar en esta Liga deberán de inscribirse unha semana antes do inicio da mesma.

Será por Equipos: Masculina e Feminina.

Na Liga Xuvenil poderán participar os deportistas nados entre os anos 2003-2004. A participación será unicamente como categoría Xuvenil.

Os deportistas da categoría cadete, poderán participar en todas as competicións da Liga na categoría xuvenil si así o requiren os clubs.

Os deportistas so poderán participar nunha ÚNICA modalidade (caiac ou canoa) en cada competición, e polo tanto inscribirse en unha soa.

Os clubs de fora de Galicia que desexen participar en calquera das competicións que forman parte da LIGAS 2020-2021, poderán facelo sempre e cando cumplan os requisitos establecidos e as normas aprobadas pola Asemblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubs e deportistas da tempada 2020-2021, salvo nos distintos Campionatos Galegos a celebrar na tempada 2020-2021 nos que non terán dereito a participar.

Os padexeiros e clubs de fora de Galicia que participen nunha competición terán dereito a súa presea ou trofeo no caso de que lle corresponda pola súa clasificación na mesma, pero quedando excluídos dos premios en metálico en xogo.

2. COMPETICIÓN PUNTUABLES DAS LIGAS 2020-2021

Son competicións puntuables desta LIGA 2020-2021, as que figuren como tales no calendario oficial da tempada 2020-2021, tanto nas modalidades de pista como en Rios, Travesías e Maratón.

As regatas nacionais na tempada 2020-2021, so formarán parte da puntuación, si se celebran en Galicia, e só se fará a clasificación con clubs galegos (conforme ao posto acadado na clasificación xeral da regata)

3. SISTEMA DE CLASIFICACIÓN POR COMPETICIÓN, CATEGORÍAS, MODALIDADES E DISTANCIAS

CAMPIONATOS GALEGOS DE FONDO

As embarcacións e distancias serán as seguintes:

Modalidade	Categoría	Distancia
Caiaç Xuvenil	Masculina Feminina	K-1, K2 e K-4 5.000 m.
Canoa Xuvenil	Masculina Feminina	C-1, C2 e C-4 5.000 m.
Paracanoè Xuvenil	Masculina Feminina	K-1 e V-1 5.000 m.

O número de deportistas inscritos por club é ilimitado.

Sobre o tempo do TERCEIRO CLASIFICADO no percorrido total da regata (5000 metros), para cada modalidade e categoría, existe un TEMPO DE PEÇHE DE CONTROL, a efectos de puntuación positiva para os clubs. As embarcacións entradas en meta dentro do TEMPO DE PEÇHE DE CONTROL puntuarán positivo e o resto das embarcacións puntuarán CERO (0) PUNTOS.

O tempo de Peche de Control, para cada modalidade e categoría será o seguinte:
 Homes e Mulleres K-1, C-1/K-2, C-2..... 3,15 minutos

Os deportistas de categoría cadete, podrán subir a xuvenil e participar nos Campionatos Galegos de Inverno (individual ou de barcos de equipo); pero só podra participar en UN dos campionatos (ou de cadete, ou de xuvenil).

CAMPIONATOS GALEGOS DE PISTA

As embarcacións e distancias serán as seguintes:

CATEGORÍA	200m	500 metros	1000 metros
Caiaç Masculino: Xuvenil	K-1	K-4	K-1, K-2
Canoa Masculino: Xuvenil	C-1	C-4	C-1, C-2
Caiaç Feminino: Xuvenil	K-1	K-1, K-2 e K-4	
Canoa Feminino: Xuvenil	C-1	C1, C2 e C-4	
Paracanoè Masculino e Feminino Xuvenil	K-1 e V-1	K-1 e V-1	
Canoe e Caiaç Mixto Xuvenil		K-2 e C-2	

Os deportistas no Campionato Galego de Pista poderán participar nun máximo de **4 regatas** (+ 1 mixta).

Todos os deportistas inscritos participarán nunha contra reloxos, agás que estivesen inscritos 9 ou 10 deportistas, neste caso disputarán unha final directa.

O tempo de peche de control na contra reloxos será o seguinte:

1.000 METROS.....	30 "
500 METROS.....	20 "
200 METROS.....	10 "

Si houberse máis de 10 inscritos en calquera categoría, os nove primeiros clasificados da contra reloxos disputarán a FINAL A e os nove seguintes a FINAL B.

Celebrarase a final B sempre e cando esta se complete cos 9 deportistas na liña de saída, no caso de que a final no esté completa non se celebrará.

Si non houberse os 9 deportistas para dita celebración, os que estean puntuarán na orde no que se teñan clasificado na contra reloxos.

Nas finais da modalidade de Pista (1.000, 500 e 200 metros), haberá un tempo de peche de control de entrada en meta en cada unha das saídas en cada modalidade/distancia, que será o seguinte despois de que entre o primeiro clasificado

1.000 METROS.....	45 "
500 METROS.....	30 "
200 METROS.....	15 "

Os padexeir@s cadetes nos campionatos galegos de pista poden subir a xuvenís.

O ser dous campionatos diferentes, os padexeir@s que compitan nos dous campionatos, non poden remar máis probas no total (2), e non poderán remar a distancia de 200 m.

O Campionato Galego de Pista Senior e Xuvenil, é unha soa competición, aínda que por temas de organización ou outras causas (pandemia, etc), se poidan separar entre os dous días (sábado e domingo) as categorías, un día a categoría xuvenil e o día seguinte a categoría senior.

COMPETICIÓNS RÍOS E TRAVESÍAS

Nas competicións da modalidade de Ríos e Travesías, as distancias e embarcacións serán as que marquen os propios organizadores das mesmas.

O peche de control, nas regatas de ríos e travesías, será tamén en función da distancia percorrida, co cálculo de 1 min e 30" x km.

As regatas nas que se dispute o K-2 masculino, incluírán tamén o K-2 feminino.

Incluíranse as embarcacións C-2 nas regatas nas que se participe nas modalidades de: K-1, C-1 e K-2 (tódalas categorías). Deixando a posibilidade de que os organizadores de ríos, cuio trazado non permita ou dificulte a navegación do barco dobre de canoa, poidan solicitar a F.G.P., a non inclusión do mesmo.

Creación das categorías K-2 mixto, C-2 mixto, K-4 mixto e C-4 mixto; sendo só válido para regatas nas que non se incluían embarcacións individuais, non puntuarán para a clasificación por clubs e, faráselle unha saída separada para estas embarcacións.

4. PUNTUACIÓNS E SANCIÓNS

As puntuacións que rexerán nas Ligas 2020-2021, serán as que indiquen os regulamentos específicos de cada competición, según sinala o presente articulado.

CAMPIONATO GALEGOS DE FONDO- 5000 metros

A efectos da clasificación xeral de clubs tomaranse os puntos alcanzados por todos os deportistas que entren en tempo DE CONTROL, segundo establece o presente regulamento, sendo a puntuación: 1º Clasificado..... 70 puntos, 2º..... 67, 3º..... 64, 4º..... 62, 5º..... 61 e a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto. No caso de que entraran en control máis de 70 deportistas, os restantes sumarían un 1 punto.

CAMPIONATO GALEGOS DE PISTA

Todos os deportistas que entren nas finais A e B nas distintas distancias, modalidades e embarcacións terán as seguintes puntuacións:

FINAL A		FINAL B	
1º	36	1º	24
2º	34	2º	22
3º	32	3º	20
4º	30	4º	18
5º	29	5º	17
6º	28	6º	16
7º	27	7º	15
8º	26	8º	14
9º	25	9º	13

No caso de que foran xustamente 10 deportistas os inscritos nunha categoría, celebrarase unha única final con 10 deportistas, é este deportista nº 10 acadará 24 puntos.

Si foran 27 ou máis inscritos na contra reloxo, ademais dos puntos dos dezoito primeiros (que disputarán as Finais A e B), acadarán puntos os 9 seguintes (sempre e cando entren dentro de tempo de control) como sigue e na orde de clasificación da contra reloxo: 19º 12, 20º 10; 21º 8, 22º 6, 23º 5, 24º 4, 25º 3, 26º 2 y 27º 1.

Aqueles deportistas que non se clasifiquen en puntos para o seu club, e queden fora do tempo de control establecido para cada categoría terán unha penalización de -10 puntos para o seu club.

Cada embarcación non anulada e que non se presente na liña de saída sancionárase cunha contía de 20€ (son vinte euros) e –10 puntos para o seu club.
As embarcacións de Equipo (K-2, K-4, C-2 ou C-4), para poder puntuar por un club, deberán ser tripuladas por padexeiros do mesmo equipo.

COMPETICIÓN NACIONAIS DE PISTA

Nas competicións nacionais de pista celebradas en Galicia a clasificación por equipos será da seguinte maneira:

Extrapoláranse os clubs galegos participantes na competición (quitando os que non o son) e se lle asinarán puntos en base a esta clasificación.

REGATAS DE RÍOS E TRAVESÍAS

A puntuación nas competicións de ríos será da seguinte maneira:

Para embarcacións individuais: 1º clasificado 70 puntos, 2º 67 puntos, 3º 64 puntos, 4º 62 puntos, 5º 61 puntos, a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto sempre que entren en control.

No caso de que entraran en control máis de 70 deportistas, os restantes sumarían un 1 punto.

Para embarcacións dobres/cuádruplas: 1º clasificado 140 puntos, 2º 134 puntos, 3º 128 puntos, 4º 124 puntos, 5º 123 puntos, a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto sempre que entren en control.

A efectos de puntuación de clubs, para que as embarcacións que tomen parte nesa competición puntuen deberán tomar a saída, un mínimo de tres (3) embarcacións de dous clubs distintos.

As embarcacións de Equipo (K-2, K-4, C-2 ou C-4), para poder puntuar por un club, deberán ser tripuladas por padexeiros do mesmo equipo.

Puntuarán tódalas embarcacións de cada modalidade que entren en control, dentro dos tempos establecidos.

A suma de tódolos puntos alcanzados polas embarcacións que entren en meta no tempo establecido de peche de control de cada club, determinará o gañador da competición.

En cada competición da Liga Galega Xuvenil haberá unha clasificación Masculina e Feminina, os clubs e deportistas clasificados nos tres primeiros postos recibirán o premio correspondente en todas as competicións de pista. Nas competicións de ríos e travesías será o organizador da competición que ditamine que premios reparte.

5. CLASIFICACIÓN XERAL DE CLUBS

Cos puntos obtidos por cada club, a tenor dos regulamentos específicos, establécese unha clasificación definitiva dos clubs galegos participantes en cada unha das Ligas Xuvenil (masculina e feminina), aos que se lles dará unha puntuación definitiva que será:

1º Clas.70 puntos, 2º..... 67, 3º.... 65, 4º..... 64, 5º.....63...

Todos aqueles clubs que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algunha por calquera dos seus deportistas, a efectos de puntuación para a Ligas Xuvenil, Masculina e Feminina, asignaráselle a puntuación do último clasificado por clubs menos 5 puntos, sempre en cando algún dos seus padexeiros entre en meta, independente de que o faga dentro ou fora do peche do control.

Nas competicións de Rios e Travesías, as puntuacións para as distintas Ligas Xuvenís (masculina e feminina) serán dependendo do Grupo ao que pertencen cada unha delas (os canons por organización serán os mesmos da tempada 2017), atendendo as seguintes:

Grupo I: 70, 67, 65, 64..... etc

Grupo II: 60, 57, 55, 54.....etc

Grupo III: 50, 47, 45, 44,.....etc

Todas as competicións da Liga son puntuables, para a clasificación final da Liga, poderanse DESCARTAR un máximo de DÚAS regatas.

Si non se celebraran a totalidade das regatas programadas no calendario oficial para esta Liga, a cantidade de regatas a descartar sería do 14% das regatas disputadas, aplicando o coeficiente resultante a baixa (é dicir si da un 1,5 sería unha regata descartable).

Todos os clubs que non participen nunha competición recibirán 10 pts menos que o último clasificado, recibindo como mínimo un punto.

Para poder optar a esta puntuación, os clubs deberán de participar no 50% das competicións oficiais, no caso de ser número impar, será o 50% máis 1.

Por exemplo:

13 competicións oficiais..... 7 competicións obrigatorias.

Os gañadores desta clasificación serán os que sumen máis puntos unha vez disputadas todas as competicións.

Formarán parte da **Liga Galega Xuvenil Masculina 1ª División** 20 equipos: E.P. Ciudad de Pontedra, C.P. Portonovo, Naval de Pontevedra, Náutico Pontecesures, Fluvial de Lugo, Ría de Betanzos, Verducido-Pontillón, As Torres-Romaría Vikinga, Ribeiras do Tambre, Olívico, Ciudad de Lugo, Breogán do Grove, Rias Baixas-Boiro, Kayak Tudense, Xuvenil-Matojoma, S.D. As Xubias, Escuela Orensana, Cabanas KDM, Náutico Cobres e Náutico Firrete.

A **Liga Galega Xuvenil Masculina 2ª División** estará formada polo resto de equipos que participen nesta liga.

Ascensos e descensos: o remate da liga, os equipos que ocupen as tres últimas posicións da clasificación final de 1ª División, perderán a categoría e baixarán a 2ª División. Estas prazas serán ocupadas polos equipos que ocupen as tres primeiras posicións na clasificación final da 2ª División.

Os equipos que non participen no 50% máis unha das regatas da Liga, non poderán militar na categoría superior.

A **Liga Galega Xuvenil Feminina 1ª División** 15 equipos: E.P. Ciudad de Pontevedra, Náutico de Miño, Kayak Tudense, Ciudad de Lugo, As Torres-Romaría Vikinga, Naval de Pontevedra, Cambados, Ribeiras do Tambre, Fluvial de Lugo, Náutico de Cobres, Breogán do Grove, Náutico Pontecesures, Ría de Betanzos, Verducido e O Muiño.

A **Liga Galega Xuvenil Feminina 2ª División** estará formada polo resto de equipos que participen nesta liga.

Ascensos e descensos: o remate da liga, os equipos que ocupen as dúas últimas posicións da clasificación final de 1ª División, perderán a categoría e baixarán a 2ª División. Estas prazas serán ocupadas polos equipos que ocupen as dúas primeiras posicións na clasificación final da 2ª División.

Os equipos que non participen no 50% máis unha das regatas da Liga, non poderán militar na categoría superior.

6. DESEMPATES

En cada competición desempatará a categoría que teña o maior número de participantes.

No Campionato Galego de Pista desempatará a categoría individual con maior número de participantes.

Na clasificación xeral da Liga Galega Xuvenil, no caso de existir, será o gañador o que teña un maior número de primeiros postos nas competicións, segundos postos, terceiros postos etc. No caso de non resolverse o empate se realizará un sorteo que dicte o gañador.

7. LICENZAS DE COMPETICIÓN

Para poder competir, os padexeiros e clubs, deberán estar en posesión da Licenza Federativa debidamente actualizada para a Tempada 2020-2021. A licenza do deportista deberá estar tramitada no momento da realización das inscricións polo club.

A F.G.P. non se fai responsable dos danos que poderán causarse as embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso de cada regata como no transporte a mesma.

No caso de ocorrencia de accidente dun padexeiro que esté competindo sin estar inscrito, o equipo arbitral e o comité de competición están exentos de toda responsabilidade.

8. CAUSA MAIOR

Si por causa maior, sempre allea a vontade dun club, un equipo non puidera tomar parte en calquera das regatas puntuables, tras a petición a través dun escrito, si así o estima oportuno a Xunta Directiva da F.G.P., poderá concederlle os mesmos puntos que haxa alcanzado na última regata puntuable restando un punto.

9. COMPETICIÓN RESERVA

Si por algunha causa non se celebre unha das regatas sinaladas como puntuables de este regulamento, a Xunta Directiva da F.G.P. decidirá a nova data de celebración, a súa anulación ou a substitución por outra a todos os efectos en cada unha das Ligas.

10. OUTRAS NORMAS

Para todas aquelas normas que non se atopen estipuladas no presente regulamento nin no regulamento específico de cada regata puntuable en cada Liga, rexirase pola normativa do Regulamento Xeral das Ligas Galegas da Federación Galega de Piragüismo e do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real F.E.P. e polo Regulamento Nacional da especialidade correspondente e do Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

11. ENTREGA DE PREMIOS CAMPIÓN LIGAS

O premio final da Liga Xuvenil será entregado soamente aos tres primeiros clubs clasificados masculino e feminino.


Estos premios serán entregados nun acto a determinar polar Xunta Directiva da F.G.P.

12. INFORMACIÓN

Para maior información deste Regulamento, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo (Rúa Gavian s/n Centro deportivo Pontillón de Castro 36151-Verdusco- Pontevedra), Tfños de contacto: 986842106 e 986896537, fax 986851108 e e-mail: kayak-canoa@fegapi.org e a páxina web: www.fegapi.org.

Pontevedra, 06 de febreiro de 2021

Vº Bº PRESIDENTE



O SECRETARIO

